

Sumario | nº40 – Outubro 2024




Pablo Taboada,
director da EDIUS

«Temos traballo por diante para mellorar o nivel de implicación de todos os membros da comunidade de doutoramento»



EDIUS **NOVAS**

Que cousas cambia o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento



EDIUS **NOVAS**

Calendario de matriculación curso 2024-2025



EDIUS **NOVAS**

Preto de 1.500 seguidores no perfil de LinkedIn da EDIUS



OPINIÓN

Unha EDIUS centrada no benestar dos nosos estudantes



EDIUS **NOVAS**

Novas guías para crear e manter os identificadores e perfís de investigador/a de WOS e SCOPUS



ENTREVISTA

José Rodríguez Dopazo,
Bibliotecario da USC



«O persoal é o recurso máis importante da biblioteca universitaria»



EDIUS **NOVAS**

Santiago será escenario da IV Xornada da Academia Joven de España



NOVO

CURSO,

NOVOS

RETOS

EDIUS **NOVAS**


Unha investigación pon en valor a figura da primeira peregrina erudita, Georgiana Goddard King



**BENVIDA
24/25**

ENTREVISTA

Carmela Sánchez Carreira,
coordinadora das Actividades de Formación en Investigación da Escola de Doutoramento



«A EDIUS ampliará este curso a oferta de formación online e en Inglés»



NOVO CURSO,
NOVOS RETOS

BENVIDA
24/25

EDIUS

NOVAS



Pablo Taboada,
director da EDIUS

«Temos traballo por diante para mellorar o nivel de implicación de todos os membros da comunidade de doutoramento»

Este curso chega marcado pola recente entrada en vigor do Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. O director da EDIUS, Pablo Taboada, fálanos dos principais retos, das novi-

dades que temos por diante e dos aspectos que se deberían mellorar, das escolas das que podemos aprender e de por qué estudar o doutoramento na USC é unha gran decisión.

Retos da EDIUS este curso

- De xeito inmediato, rematar coa difusión e publicación na web de toda a información relacionada cos cambios en procesos e procedementos para a realización do doutoramento e defensa da tese que están afectados pola entrada en vigor do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento, dos cales xa informamos aos programas de doutoramento nunha xornada celebrada o 16 de setembro. E estamos a traballar coa área ATIC para adaptar a aplicación Xescampus ás novas necesidades derivadas dos cambios normativos.
- Rematar o proceso de preparación da EDIUS para abordar con éxito o proceso de acreditación institucional. No curso pasado avanzouse na elaboración das memorias de calidade e anuais da Escola, e agora mesmo temos xa preparado un borrador do Plan Estratéxico e Plan de Melloras da EDIUS, última documentación necesaria para tal preparación.
- Afondar na internacionalización da EDIUS, como actor chave nos foros internacionais. É unha cuestión que, de momento, e até o ano pasado non traballamos excesivamente e que temos que potenciar particularmente co rol da EDIUS no consorcio EUniwell, pero tamén no *European Council for doctoral Education*, por exemplo.

[↩ Ir ao sumario](#)

Principais novidades

- Este ano ponse en marcha a primeira edición do programa *Mentoring* para estudantes de doutoramento co obxectivo de que se consolide como unha actividade de apoio ao noso estudantado, o que supón un importante desafío.
- Cun esforzo económico importante por parte da EDIUS e o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización, ofertaremos por primeira vez formación en competencias transversais *online* e en inglés totalmente gratuíta, que poderá ser cursada por calquera dos nosos doutorandos e doutorandas con total flexibilidade de horario a través dunha plataforma electrónica. Máis de vinte cursos/actividades estarán dispoñibles para ser realizados. Cada actividade constará dun ou máis módulos que serán realizados polos estudantes, con cuestionarios e actividades de autoavaliación. Se o curso se supera con éxito o estudante obterá un certificado de aproveitamento.
- Este ano tamén temos que realizar o proceso de convocatoria de eleccións para elixir á nova dirección da EDIUS xa que se cumpre o meu ciclo de 4 anos á fronte da dirección da Escola. É un bo momento para aportar novas ideas, opinións, etc. para redefinir o rumbo da EDIUS nos vindeiros anos.

Que debe cambiar para mellorar o funcionamento da Escola

- É necesario dotar á EDIUS dos medios necesarios para que a súa actividade como centro docente e investigador se consolide definitivamente e se traballe de xeito máis eficiente. Así llo teño transmitido á Vicerreitoría e a Xerencia e tamén o teño comentado publicamente en diversas ocasión. Por que? Porque somos un dos complementos para xestionar de maneira áxil e eficiente toda a carga de traballo académico e administrativo asociada cos estudos de doutoramento.
- Tampouco axuda a estrutura organizativa que temos hoxe en día na universidade respecto ao doutoramento, con competencias académicas e administrativas repartidas entre a propia EDIUS, o Servizo de Xestión Académica, o SXOPRA, e as propias facultades que, en diversas ocasións, dificulta esa axilidade da que falaba. Son consciente de que cambios de certo calado como este teñen implicacións directas na estrutura de persoal e na redistribución de competencias entre centros, servizos e áreas. Son cambios importantes que requirirían, en primeiro lugar, dunha labor de explicación clara e didáctica do porqué e como se farían, abertos a recepción de suxestións de mellora, pero que certamente poderían mellorar o funcionamento do doutoramento.

Que debe cambiar para mellorar o funcionamento da Escola

- Desde a Escola tamén temos que mellorar a nosas canles de comunicación, facer unha mellor difusión da información para chegar a toda a comunidade de doutoramento de maneira máis rápida e clara. Ser aínda máis flexibles nos procesos e procedementos, conseguir que a relación doutorando/a-programa sexa máis directa e fluída. Aí os programas e as súas CAPDs poden e deben axudarnos moito, xa que deben xogar ese papel de nexo directo e principal.
- Tamén temos que conseguir que os propios supervisores sintan o seu programa de doutoramento e a EDIUS como algo propio, e que o labor do seu doutorando/a non é só facer as tarefas de investigación que lle toquen, senón que deben apostar polo seu desenvolvemento tanto científico como persoal. Ao final eles e elas son os factores chave.
- Tamén notamos que é necesario un mellor acompañamento dos estudantes, e sobre todo dos estudantes estranxeiros, en diversas situacións como, por exemplo, no proceso de solicitude de admisión e matrícula. Para iso temos que mellorar a información pública, facela máis sinxela de comprender e, sobre todo, de localizar. Tamén facilitar aos estudantes estranxeiros os procesos de validación das súas titulacións. E desenvolver un verdadeiro programa específico de acollida para os estudantes estranxeiros. Trátase de guiar e acompañar a todos os nosos estudantes no desenvolvemento dos seus estudos, con particular atención nos primeiros pasos da súa andaina (de aí o programa de *mentoring*, por exemplo).
- Ademais, temos traballo por diante para mellorar o nivel de implicación de todos os membros da comunidade de doutoramento. Estamos a notar nos últimos unha agudización da desconexión entre doutorandos/as, directores/as, programas e Escola, que estamos tratando de saber a qué se debe: cargas de traballo elevadas que derivan en esgotamento físico e psicolóxico, fastío coa burocracia, sensación de abandono, falta de recoñecemento, etc.
- Tamén estamos a notar unha pequena caída na demanda dos estudantes nas actividades formativas e un lixeiro incremento nas reclamacións e peticións de intermediación ante problemas persoais/laborais entre estudantes de doutoramento e os seus directores/as.
- Os programas de doutoramento e as súas CAPDs reclaman continuamente unha diminución da carga burocrática, sobre todo daquela relacionada cos procesos para asegurar a calidade que non dá tregua. Efectivamente, temos “un campo de batalla” importante para tratar de dar solucións satisfactorias ante estas situacións.

Escolas de referencia das que deberíamos aprender

Non me gusta establecer comparacións xa que cada universidade ten a súa idiosincrasia e as súas especificidades e particularidades. Pero neste tempo que levo na dirección da EDIUS fixémonos en como estaban organizadas e traballaban moitas escolas.

- Fóra de España, hai diversos modelos, desde escolas temáticas especializadas moi pequeniñas ata supraestruturas con moita máis especialización. Incluso hai algún país e institucións onde se pode realizar un doutoramento sen necesidade de ningún tipo de estudo regrado ou programa como, por exemplo, Alemaña. Particularmente, en Europa aprecio a flexibilidade e o modo de funcionamento dalgunha escola holandesa, alemá e inglesa.
- A nivel nacional, a organización das escolas da Universidade de Barcelona e da Autónoma de Barcelona poden ser un bo exemplo de concepción de integración das competencias para ter esa axilidade e rápida capacidade de resposta da que falaba anteriormente, cunha dotación de recursos máis acorde co número de alumnos e o volume de traballo e unha xestión moi integrada. Persoalmente, gústame o funcionamento da escola da Universidade de Zaragoza, moi áxil e cunha información pública moi completa e accesible; a da Universidade de Valencia; e destaca tamén a impresionante mellora no funcionamento da escola da Universidade do País Vasco. Gotzone Barandika, a súa directora, está a facer un traballo impresionante.

Por que é unha boa elección facer o doutoramento na USC?

- Porque somos unha universidade quinto-centenaria, cunha traxectoria investigadora moi potente que conta con investigadores e investigadoras de elevado prestixio internacional.
- Porque temos unhas infraestruturas de primeiro nivel.
- Porque contamos cun recoñecemento nacional e internacional irreprochable, aínda que seguramente non o sabemos explotar completamente, ao 100%, e temos que facelo. Temos que estender os nosos “tentáculos” para atraer a todos eses estudantes que poden dudar se elixir a USC e convencelos de que somos a súa mellor opción de formación.
- Porque somos calidade, porque nos preocupamos polo seu desenvolvemento e polo seu futuro.
- Porque Santiago tamén é calidade de vida...Aínda que o noso clima, ás veces, nos xogue algunha que outra mala pasada (je,je).

Como está a afectar no día a día da Escola o novo regulamento?

Agora mesmo estamos a traballar para engraxar perfectamente toda a maquinaria informática, académica e administrativa e asegurar que todo funcione correctamente. Algúns dos cambios que se producen son de certo calado académico, outros son meros retoques de detalle. Neste momento estamos a axustar diversas cuestións pero en breve as pequenas disfuncións que se están a producir deberían quedar completamente resoltas.

Que cousas van cambiar?

O máis importante é o cambio na duración dos estudos, que pasa de 3 a 4 anos, se elixes a dedicación a tempo completo; e de 5 a 7, a parcial. Con posibilidade dunha prórroga de 1 ano en ambos os dous casos. Iso esixe retocar o cómputo de tempo da aplicación informática, que parece sinxelo pero non o é.

Outro cambio de calado é a necesidade de que cada tese vaia acompañada de dous informes de revisores externos. Este é un novo proceso que acabamos de afinar definitivamente e que transmitimos como realizado aos programas de doutoramento mentres non estea integrado na aplicación informática (procedemento, formularios, etc).

Tamén cambia, por exemplo, a petición dun estudante da súa baixa voluntaria, que agora só será informado pola CAPD (a petición segue sendo como antes, pola SVA).


Outro cambio importante é un dos requisitos para a obter a mención internacional, para o que, cando menos, o 25% da tese deberá estar escrita no idioma estranxeiro. Acéptase agora o portugués como idioma no que pode estar escrita a tese, en consonancia co Plan de Internacionalización aprobado.

A estrutura formal da tese, así como onde incluír diversos *ítems* de información, tamén se retocan lixeiramente. Neste caso, son simplemente clarificacións ou puntualizacións que xa se viñan aplicando como criterios da Escola.

Todas estas últimas modificacións estarán plenamente vixentes a partir do curso académico que vén. Este ano os estudantes teñen unha moratoria para que aqueles que agora estaban escribindo a súa tese non se vexan afectados e non teñan que volver a escribir ou retocar o traballo que levaban feito.

Un desexo para este novo curso que arranca...

Seguir sempre progresando para ser cada vez un pouquiño mellores, e que os axentes externos sexan un pouco máis sensibles ás nosas necesidades e nos faciliten, aínda que sexa só un chisquiño, a vida académica.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Que cousas cambia o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento

O pasado 30 de agosto, saíu publicado no DOG o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. Algunhas das modificacións deste texto implican cambios de gran importancia. Unha das principais novidades é a **ampliación dos estudos** de doutoramento para os doutorandos e doutorandas matriculados a partir de outubro de 2023 por primeira vez na USC. Até setembro de 2023, a duración destes estudos a tempo completo seguía un esquema de 3+1+1, é dicir, 3 anos de duración coa posibilidade dunha prórroga dun ano, que practicamente se concedía de forma automática baixo petición. E había a posibilidade de solicitar unha segunda prórroga doutro ano adicional, pero neste caso con causas ben xustificadas. A tempo parcial, o esquema era 5 + 2 +1 (5 anos de tutela académica, unha posible prórroga case automática de dous anos e a posibilidade de solicitar outra prórroga adicional dun ano).

O novo regulamento, seguindo a normativa nacional, amplía o período dos estudos a tempo parcial e completo. A tempo total, pasan a ter unha duración de 4 anos, máis a posibilidade dunha única prórroga dun ano. O doutoramento a tempo parcial, pasa a ter unha duración de sete anos e a posibilidade tamén de pedir unha prórroga adicional por un ano. As persoas que presenten unha discapacidade de grao superior ao 33% poderán facer a tese a tempo completo nun período de até seis anos (+1 de prórroga) e de nove, a tempo parcial.

Ademais, no novo texto exíxese que cada tese de doutoramento conte cun mínimo de **dous informes** emitidos por persoas doutoras expertas na materia e externas á universidade en que estea matriculada a persoa doutoranda, que poderán propoñer aspectos de mellora. Prevese, ademais, que o tribunal que avalíe a tese estea

formado por unha maioría de membros externos non só á universidade onde se defende a tese, senón tamén ao programa en que ten formalizada a matrícula a persoa doutoranda, e garántese que o tribunal teña unha composición equilibrada entre homes e mulleres. Este criterio xa se viña aplicando nos últimos anos na USC.

Outro dos cambios fai referencia aos **plans de investigación e de formación**. No seu primeiro curso académico, as persoas doutorandas deberán presentar estes dous plans antes de que finalicen os seis primeiros meses naturais desde a data da súa matrícula e, en todo caso, antes de finalizar o primeiro curso académico. Os plans deberán ser aprobados pola CAPD, logo de informe do perfil autorizado, quen deberá informar as demais persoas que exerzan a dirección e/ou titorización da tese, segundo corresponda.

Por outro lado, as **teses con mención internacional** terán que vir escritas cando menos nun 25% nun idioma distinto do galego ou o castelán cando a estadía se faga nun país de lingua non hispanofalante. Neste caso, unha relativamente significativa parte da defensa oral (o 25%) debe estar tamén realizada nese

 [Ir ao sumario](#)

idioma estranxeiro, co obxectivo de realzar esta mención.

A modificación do Real Decreto recolle como condición que para que unha tese poida ter **máis dun director** (en concreto, tres) debe ter interdisciplinaridade temática ou desenvolverse baixo o amparo dun proxecto de investigación competitivo. Este criterio tamén se viña aplicando nos últimos anos na USC.

Co obxectivo de non prexudicar a unha parte do alumnado actualmente matriculado, hai unha serie de cuestións para as que se establece un **régime transitorio**. Por exemplo, para aqueles doutorandos e doutorandas que se matricularan antes de setembro de 2023, a duración dos seus estudos será a da anterior regulamentación. E as persoas que se matricularan por primeira vez antes desa mesma data tampouco teñen a obriga de presentar o plan de formación. Ademais, se xa realizaron previamente estadias de investigación están exentos de cumprir o requisito de que cando menos unha delas debe ter unha duración superior a un mes. Tamén estarán exentos até setembro de 2025 de cumprir o requisito de que a tese, se opta a mención internacional, teña que estar escrita como mínimo nun 25% nun idioma distinto do galego ou o castelán.



EDIUS **NOVAS**

Calendario de matriculación curso 2024-2025

A matrícula dos programas de doutoramento inclúe tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenden tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

Para solicitar información e realizar trámites relacionados coa matrícula pódese contactar co Servizo de Xestión Académica no correo doutoramento@usc.es ou nos teléfonos: 881 81 45 85 / 881 81 45 97.

Inicio de estudos do Programa de Doutoramento	1º período de matrícula	1 - 7 outubro 2024
	Solicitud de admisión 2º período	31 - 6 febreiro 2025
	Publicación relacións provisionarias 2º período	14 febreiro 2025
	Reclamación relacións provisionarias 2º período	15 - 17 febreiro 2025
	Publicación relacións definitivas 2º período	24 febreiro 2025
	2º período de matrícula	25-27 febreiro 2025
CONTINUACIÓN ESTUDOS		Até o 11 de outubro

CALENDARIO PARA A DESISTENCIA DE MATRÍCULA, CAMBIOS DE DEDICACIÓN E BAIXAS TEMPORAIS

Desistencia de matrícula	Inicio estudos do primeiro período e continuación estudos	Ata o 31 de outubro de 2024
	Estudos 2º período de matrícula	Ata o 20 de marzo de 2025
Cambio de modalidade de dedicación		Nos períodos ordinarios de matrícula
Baixas temporais		Durante o curso

 [Ir ao sumario](#)

Como contactar coa EDIUS:

PÁXINA WEB

→ [IR AO SITIO WEB](#)

ADMINISTRACIÓN

Casa dos Catedráticos
Avd. das Ciencias, 6 - Bajo
Izq. - 15782, Santiago de
Compostela

(Ver mapa)

edius@usc.gal

+34 8818 11000 ext: 14360/
14361/ 14433

FORMACIÓN

Centro de formación EDIUS
Parque Vista Alegre - 15782
Santiago de Compostela

(Ver mapa)

edius.formacion@usc.gal

+34 8818 11000 ext: 16322/
16331

XERAL

Administración

Casa dos Catedráticos, 6
881814360 / 14433
edius@usc.es

Trámites de Teses

Casa dos Catedráticos, 6
881814361 / 14340 / 14433
edius.teses@usc.gal

Centro de Formación

Parque Vista Alegre, s/n
881816322
edius.formacion@usc.es

Xestión Académica - Admisión e Matrícula

Pavillón Estudiantil
881814585 / 14597
doutoramento@usc.gal

PERSOAL

Xefatura de Sección

Carolina López Gómez
881814370
carolina.lopez@usc.gal

Técnico Superior de Xestión

María López Giménez
881814367
maria.gimenez@usc.gal

Xefatura de Negociado de Escolas de Doutoramento

María Esperanza Valero Fandiño
881814340
maria.valero.fandino@usc.gal

Xefatura de Negociado de Estudos de Doutoramento

María José Novoa Pérez
881814341
mjose.novoa@usc.es

ATI (Área de Formación EDIUS - Vista Alegre)

María Teresa González Pastoriza
881816322
teresa.pastoriza@usc.gal

Postos Base

Sofía Quinteiro Pereiro
881814360
sofia.quinteiro@usc.es
Sonia González Rodríguez
881814433
sonia.gonzalez@usc.es

Alberto Lagarda Cerviño

881814361
alberto.lagarda@usc.gal

Luis Ramos Balsa

881814368
luis.ramos@usc.gal

EDIUS NOVAS

Preto de 1.500 seguidores no perfil de LinkedIn da EDIUS



A EDIUS será máis forte cantas máis persoas se integren e participen. Podes [seguirnos aquí](#).

A Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) creou a finais de 2021 un perfil propio na rede social de ámbito profesional LinkedIn co obxectivo de espallar os seus contidos pola comunidade investigadora e universitaria de todo o mundo. Na actualidade, o perfil ten preto de 1.500 seguidores, sendo unha das escolas de doutoramento con máis seguidores de España.

Nesta páxina de LinkedIn atoparedes todo tipo de información relacionada coa EDIUS, tanto para doutorandos e doutorandas como para o profesorado.

Diariamente, na LinkedIn publicanse entradas sobre os cursos de formación que se ofrecen de xeito gratuíto, noticias sobre as bolsas de axudas, convocatorias, concursos ou avisos varios. Ademais, á primeira hora da mañá, anúncianse as teses de doutoramento que cada día se presentan na USC.

Con este perfil na rede social, a EDIUS quere reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Esta iniciativa vai dirixida a todas as persoas que forman parte da #EDIUS. Desde o equipo de coordinación de cada programa de doutoramento até o persoal administrativo, pasando polo profesorado do programa, os doutorandos e doutorandas, directores/as de tese e titores/as, entre outros perfís profesionais.

[↩ Ir ao sumario](#)



Isabel Neira

OPINIÓN

Unha EDIUS centrada no benestar dos nosos estudantes

Na contorna académica, especialmente para doutorandos/as e estudantes postdoutorais, a presión por producir resultados, publicar investigacións e cumprir con altos estándares pode ser abafadora. Neste contexto, a creación dunha unidade de carreira académica centrada no benestar non só é necesaria, senón fundamental para garantir o éxito e a saúde mental das persoas investigadoras en formación. O benestar abarca non só o equilibrio entre vida persoal e profesional, senón tamén o apoio emocional, a xestión do estrés e o desenvolvemento de habilidades para afrontar as esixencias da contorna académica e laboral. Neste contexto e seguindo o noso compromiso con axudar ó noso estudiantado a afrontar esta etapa con talleres de xestión do estrés ou a guía de carreira académica, comezamos o curso ilusionados con dúas novas iniciativas neste ámbito: a nova área de mentoría e o deseño dunha *Post-Graduate Well-Being School* no marco do proxecto Uniwell, alianza de 11 Universidades europeas nas que a USC lidera esta acción. Esta é unha oportunidade de deseñar cursos e estratexias cos nosos socios europeos, aprender das súas experiencias e compartir as nosas, ao longo deste curso iremos contando as novas ventás de oportunidade que este proxecto ofrece. Dende a EDIUS, e como non podía ser doutro xeito dada a nosa traxectoria, estamos a deseñar un programa formativo compartido que nos permita coñecer a realidade europea, ampliar as fronteiras do coñecemento e saír do círculo de confort ampliando e re-deseñando a oferta formativa no marco da alianza. En resumo, integrar o benestar como un pilar central na formación académica non só mellora a experiencia das persoas doutorandas, senón que tamén contribúe a formar profesionais máis resilientes, capaces de afrontar con éxito os retos de calquera ámbito laboral ao que se enfrontarán unha vez rematada esta etapa formativa.

Novas guías para crear e manter os identificadores e perfís de investigador/a de WOS e SCOPUS

A Biblioteca da USC vén de publicar dúas novas guías que teñen como obxectivo facilitar a **creación e xestión dos identificadores e perfís de investigador/a** das bases de datos [Web of Science](#) e [Scopus](#) que completan, xunto ca de [ORCID](#) e [Google Scholar](#), o grupo básico de axudas ao persoal investigador de cara ao **mantemento dos perfís nas bases de datos** e a correcta adxudicación da bibliografía e métricas no Portal da Investigación.

Nestes documentos, os investigadores e investigadoras poden consultar o proceso de creación do Researcher ID en Web of Science, así como a edición do identificador de Scopus, Scopus ID, xerado directamente pola base de datos a partir dos documentos dun determinado autor ou autora indexados nela.

A xestión eficaz dos perfís é outro dos obxectivos das guías amosando os pasos a seguir para engadir e eliminar publicacións, fusionar perfís duplicados e sincronizar o perfil coa conta de ORCID.

A IMPORTANCIA DOS PERFÍS E IDENTIFICADORES DE AUTOR/A

Os perfís de investigador/a son unha ferramenta fundamental para os investigadores e investigadoras, xa que permiten normalizar o nome e filiación, aumentan a visibilidade e o impacto das publicacións, agrupan toda a produción científica dun mesmo autor/a e facilitan a obtención de datos bibliométricos. A partir destes perfís créanse os identificadores de autor/a, como o Research ID e o ScopusID, que son códigos numéricos ou alfanuméricos asignados polas bases de datos a cada investigador ou investigadora e que os identifica de forma inequívoca.

Podese acceder ás guías de Perfís de investigador/a de [WOS](#) e [SCOPUS](#) na páxina web da BUSC, na sección de [Guías e Titoriais](#), e tamén a través da [páxina inicial do Portal da Investigación](#).

ENTREVISTA



José Rodríguez
Dopazo

José Rodríguez Dopazo,
Bibliotecario da USC

«O persoal é o recurso máis importante da biblioteca universitaria»

Quen debería asistir a esta formación?

O curso de “Competencias en información” traballa unha competencia transversal. Por iso, todo o alumnado do terceiro ciclo, sexa cal sexa o seu programa de doutoramento, debería realizar esta actividade formativa.

É unha formación que se repite cada curso. Por que é tan importante que o alumnado se forme sobre competencias en información?

As competencias en información, entendidas como un conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e valores que permiten resolver problemas relacionados coa xestión da información, son un pilar básico para a investigación e para a comunicación desa investigación mediante un traballo científico (a tese). Proporcionan competencias no coñecemento das fontes, nas metodoloxías de busca, avaliación e organización da información, e na súa utilización de forma ética e legal. Neste curso trabállanse tamén os distintos aspectos deste novo paradigma de investigación que é a Ciencia Aberta.

A universidade xa conta cos primeiros nativos dixitais. É para eles/as máis sinxelo adquirir este tipo de competencias dixitais?

O curso vai máis alá do que son as competencias dixitais, traballando a información (a información científica) no seu conxunto. Pero, sen dúbida, o contexto no que vivimos é cada vez máis dixital e para iso as novas xeracións teñen algunhas habilidades moi ben interiorizadas.

Fai o alumnado un uso correcto dos servizos da biblioteca da USC e das ferramentas TIC que teñen á súa disposición?

A BUSC é un servizo básico da Universidade que colabora no cumprimento dos seus obxectivos. Nesta misión, os recursos e servizos que proporciona á comunidade universitaria son moi amplos. Xustamente, estes cursos de competencias en información promoven o coñecemento e o uso destes servizos, poñendo en valor a actividade da biblioteca universitaria.

«Eu aplicaría as comiñas a todo o sintagma "ferramenta estrela" e sinalaría o persoal como recurso máis importante da biblioteca universitaria»

Cal é para vostede a ferramenta "estrela" que se agocha na biblioteca?

Eu aplicaría as comiñas a todo o sintagma "ferramenta estrela" e sinalaría o persoal como recurso máis importante da biblioteca universitaria. A comunidade universitaria atopa na biblioteca a vocación de servizo necesaria para poñer en valor a súa ampla oferta de recursos e servizos.

Un consello para os investigadores/as que este ano comezan o periplo do doutoramento...

Que fagan o curso de “Competencias en información” ofertado pola EDIUS e desenvolto pola Biblioteca Universitaria.

EDIUS NOVAS

Unha investigación pon en valor a figura da primeira peregrina erudita, Georgiana Goddard King

A profesora estadounidense de Historia da Arte, Georgiana Goddard King, visitou Compostela en 1915 coincidindo coa celebración do Ano Santo e coñeceu así sobre o terreo a meta do Camiño de Santiago, publicando cinco anos máis tarde, en 1920, un libro sobre a ruta xacobeana titulado *The Way of Saint James*, co que a deu a coñecer no seu país e que a converteu na primeira peregrina erudita, marcando un fito nos estudos sobre esta vía de peregrinación, que agora acaba de ser posto en valor a través dun proxecto de investigación da USC coordinado polos profesores Miguel Taín Guzmán e Patricia Fra.

O proxecto, concedido polo Ministerio de Ciencia e Innovación, foi desenvolvido entre setembro de 2021 e agosto de 2024 e os seus resultados acaban de publicarse no libro *Georgiana Goddard King y The Way of Saint James (1920). La primera peregrinación erudita por el Camino de Santiago* (Akal, 2024), que a través de oito traballos analiza a figura e a obra desta profesora de Historia da arte do Bryn Mawr College e estreita colaboradora de Archer Milton Huntington na *Hispanic Society*.

[↩ Más información](#)



[↩ Ir ao sumario](#)

ENTREVISTA



Carmela Sánchez
Carreira

Carmela Sánchez Carreira, coordinadora das Actividades de Formación en Investigación da Escola de Doutoramento

«A EDIUS ampliará este curso a oferta de formación online e en Inglés»

Carmela Sánchez Carreira coordina as Actividades de Formación en Investigación da Escola de Doutoramento desde hai dous cursos. Destaca a boa acollida que teñen os cursos programados e adiante que para este curso vaise incorporar unha ampla oferta de cursos non presenciais. Sánchez Carreira destaca a oferta “estable e variada” da EDIUS, aínda que se lamenta da limitación de recursos económicos e de tempo.

Como está sendo a aceptación das actividades formativas por parte do alumnado?

A acollida das actividades formativas é moi boa, tendo en conta a elevada demanda e a satisfacción que nos transmite o alumnado que asiste a elas. Por iso, tendemos a manter a oferta, con algunhas melloras. Tamén somos receptivos ás actividades que propón o alumnado e ás necesidades que detectan. Estamos avanzando na realización de enquisas para cada actividade formativa e, deste xeito, obter máis información, tanto cuantitativa como cualitativa, sobre a satisfacción.

Como é a asistencia?

A asistencia é moi alta no primeiro cuatrimestre e máis baixa no segundo. Na medida en que a oferta é estable, pedimos que teñan en conta as actividades que sexan do seu interese e que valoren cas persoas que dirixen as súas teses que actividades son máis recomendables para a súa formación. E que teñan en conta que os cursos son un apoio para a elaboración das teses, que é o traballo fundamental a realizar no doutoramento. Precisamente, para ter en conta esta realidade, queremos establecer un límite máximo de actividades por curso académico.

Este ano hai algunha novidade importante?

Baseámonos na oferta que está consolidada pola experiencia dos cursos anteriores, incorporando algúns cursos novos, tanto relativos a algunhas temáticas concretas actuais como a actividades transversais. Entre as principais novidades, destaca unha ampla oferta de cursos online e en inglés relativos a distintos aspectos de interese, que van

«Haberá unha nova oferta ampla e variada exclusivamente online e asíncrona. Pero somos unha universidade presencial e a maior parte da formación ten que ser presencial»

dende os recursos dispoñibles e a elaboración de traballos científicos, e especialmente a publicación de artigos, ata os aspectos éticos. Tamén se realizarán as enquisas de satisfacción para cada curso unha vez que finalice.

Terán tamén unhas datas fixas para realízalos?

Estarán dispoñibles durante todo o curso, o que permite moita flexibilidade, tanto respecto ao tempo como aos módulos que se queren cursar; e contarán con titorización. Estase avanzando nalgúns detalles técnicos como a compatibilidade da plataforma coas aplicacións institucionais para iniciar a formación. Proximamente informaremos con detalle sobre esta oferta.

Ofertaranse tamén cursos da EUniWell?

No contexto da Alianza Universitaria Europea **EUniWell**, na que participa a USC xunto con outras dez universidades de Europa, ofertarase algunha formación conxunta. Isto será moi enriquecedor para @s doutorand@s.

Vaise favorecer dalgún xeito a asistencia virtual aos cursos?

Haberá unha nova oferta ampla e variada exclusivamente online e asíncrona. Pero somos unha universidade presencial e a maior parte da formación ten que ser presencial, especialmente cando son actividades para traballar en grupo ou aplicar algunha metodoloxía. Ás veces, a dispoñibilidade do profesorado ou os recursos

económicos obrigan a que sexan virtuais. Tamén somos conscientes de que unha parte do alumnado son profesionais ou poden estar fóra nalgún momento do seu doutoramento, por iso facilitamos algunha oferta online.

Cre que é diferente a calidade da formación virtual e presencial?

Aínda que o virtual dá máis flexibilidade non sempre é o mellor en termos da aprendizaxe e aproveitamento. A interacción e colaboración con outr@s compañeir@s que permiten os cursos presenciais tamén é positiva. A existencia de puntos de encontro para compartir experiencias e reflexionar facilita a aprendizaxe. Ademais, a oferta é estable, o que permite ao estudiantado planificar mellor en que momento realizar as actividades. Cada curso indica o formato no que se imparte, polo que é moi importante fixarse nesa información á hora de matricularse.

A gran maioría das actividades son para o alumnado, prevese facer máis para profesorado?

O principal esforzo diríxese ao alumnado, mais estamos diseñando algunha formación específica para o profesorado. O inicio deste curso coincide cun cambio relevante de normativa, polo que é pertinente explicar algúns aspectos. E tamén se está producindo un rexuvecemento das plantillas e es@s director@s e titor@s nov@s esíxennos formación axeitada ás súas necesidades. Ademais, este curso vai dar comezo o programa piloto de mentorización

para alumnado da EDIUS, unha iniciativa moi interesante destinada, nun principio, a 50 persoas doutorandas como mentorizadas e outras 50 mentoras.

En xeral, cales son as actividades que espertan maior interese entre o alumnado?

En xeral, as actividades teñen moi boa resposta e demanda. Entre as que teñen maior interese, salientan actividades centradas na elaboración de papers, nas competencias informacionais, nas metodoloxías e ferramentas de apoio (R, GIS ou VosViewer) ata as de transferencia. Actividades como o Sprint de Innovación e o Concurso 3 Minutes Thesis son moi demandadas e teñen visibilidade externa.

Cal é a principal fortaleza dos cursos formativos da EDIUS?

Como principal fortaleza, destacaríase unha oferta estable e variada, o que non é habitual nas universidades españolas. Cómpre sinalar o esforzo en actividades transversais. Tamén se combina a modalidade presencial e online.

Algunha eiva que habería que corrixir?

Como principal debilidade, salientaría a limitación de recursos económicos e de tempo. Queremos reforzar os cursos sobre metodoloxías e comunicación. Outra preocupación céntrase nas persoas que se matriculan e despois non asisten. O problema diso é que outras persoas interesadas non poden asistir. Pedimos responsabilidade e que se non se pode asistir se avise o antes posible. Algunhas actividades teñen algún requisito como poden ser coñecementos previos nunha ferramenta ou temática. É importante ler toda a información sobre un curso antes de inscribirse. Se non se teñen os requisitos ou non se coñece o idioma no que se imparte non se aproveita o curso.

Por que animaría ao estudiantado de doutoramento a participar neste tipo de actividades?

O doutoramento implica unha formación integral en competencias e habilidades, máis aló de profundar no coñecemento da temática especializada na que se desenvolve a tese. As actividades están deseñadas para facilitar a elaboración das teses, ao mesmo tempo que se adquiren competencias útiles para a realización da tese e o desenvolvemento da súa carreira profesional, sexa no ámbito académico ou fóra del. De feito, a valoración do doutoramento no tecido produtivo vén determinada principalmente pola demostración dese conxunto de capacidades e do proceso de aprendizaxe continua que supón.

«As actividades están deseñadas para facilitar a elaboración das teses, ao mesmo tempo que se adquiren competencias útiles para a realización da tese e o desenvolvemento da súa carreira profesional, sexa no ámbito académico ou fóra del»

EDIUS **NOVAS**

Convocatorias de axudas

Achegamos información sobre algunhas convocatorias de axudas e bolsas que poderedes solicitar nos vindeiros meses, de entidades tanto públicas como privadas, e que poden resultar do voso interese.

ENTIDADES PÚBLICAS

- Convocatoria María de Guzmán de axudas para el Fomento de la Investigación Científica de Excelencia

MÁS INFORMACIÓN

- I Concurso Nacional para la Adjudicación de Ayudas a la Investigación en Humanidades (a de ciencias sociais aínda está pechada)

MÁS INFORMACIÓN

- Proxectos de Colaboración Internacional PCI2024-2

MÁS INFORMACIÓN

ENTIDADES PRIVADAS

- Convocatoria Conecta. Da investigación á práctica Social. Fundación La Caixa. Próxima convocatoria 23 de outubro ao 27 de novembro.

MÁS INFORMACIÓN

- Programa de becas France Excellence Eiffel para realización de teses de doutoramento. Outubro 2024.

MÁS INFORMACIÓN


- Becas para estadias François Chevalier, Lucienne Domergue e SMI-CNRS, do Madrid Instituto for Advanced Research. Outubro e novembro de 2024.

MÁS INFORMACIÓN

- Becas de investigación Mapfre Ignacio de Larramendi.

MÁS INFORMACIÓN

 [Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades

Outubro 2024

A innovación como estratexia dos medios públicos para atraer públicos mozos

7 e 8 de outubro de 2024

Aula 0 - Facultade de Ciencias da Comunicación (USC)

Matrícula: do 25 de setembro ao 3 de outubro de 2024

Horario: de 16:00h a 20:00h

Xornadas Cultura Laboral en Investigación

16 e 17 de outubro de 2024

Sala de Debates, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matrícula: do 2 ao 9 de outubro de 2024

Horario: mércores 16 de outubro de 09:30h a 13:30h e de 15:30h a 18:00h; e o xoves 17 de outubro de 10:00h a 14:00h

Técnicas Econométricas de Evaluación de Impacto

17 de outubro de 2024

Aula 21 da Facultade de CC. Económicas - Santiago Campus Norte

Matrícula: do 3 ao 10 de outubro de 2024

Horario: 16:00h a 19:00h


Seminario de Futuros Urbanos

17 de outubro, 07 de novembro, 14 de novembro, 21 de novembro, 12 de decembro, 19 de decembro, e 30 de xaneiro
Facultade de Xeografía e Historia. Aula 18

Matrícula: do 3 ao 10 de outubro de 2024

Horario: 16:00h a 19:00h

 Ir ao sumario



Formación

Actividades

Outubro 2024

¿Cómo transferir a miña tese á sociedade? Formación en habilidades innovadoras (Santiago)

22 e 31 de outubro, 5 e 7 de novembro de 2024
Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre
Matrícula: do 8 ao 15 de outubro de 2024
Horario: 9:30 a 12:30 horas

Inferencia Causal con Aprendizaxe Automático: Aplicación a la Economía del Cambio Climático y a los riesgos financieros

23, 24 e 25 de outubro de 2024
Aula 20 da Facultade de CC. Económicas - Santiago Campus Norte
Matrícula: do 9 ao 16 de outubro de 2024
Horario: 9:00h a 17:00h

Jornada de la Academia Joven de España 2024 “Los Caminos de la Investigación”

25 de Octubre de 2024
Parainfo de la Facultad de Xeografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela
Matrícula: do 11 ao 18 de outubro de 2024
Horario: 9:00h - 17:30h

 Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

Adquirir competencias en información que melloren a investigación

Dende o 4 de novembro até o 4 de decembro vaise desenvolver o curso “Competencias en información para a investigación.

A formación se organiza en 6 módulos con dúas sesións prácticas presenciais de 3 horas cada unha. O resto realizarase a través do Campus Virtual da USC. Este curso tratará sobre o traballo científico, abordando unha reflexión sobre a finalidade, normativa e necesidades informativas, así como a importancia da xestión do tempo de traballo. O profesorado desta formación será José Rodríguez Dopazo, César Gómez Pérez e María del Pilar Franco García. Trátase dunha actividade orientada a todo o alumnado de doutoramento, xa que o seu contido contempla competencias transversais útiles en calquera ámbito de coñecemento e en calquera etapa da tese.

Cando un alumno ou alumna de doutoramento comeza a súa investigación é consciente de que as habilidades dixitais e de manexo de información vaille, por unha banda, permitir desenvolver unha actividade investigadora cunha metodoloxía verdadeiramente científica e, por outra banda, alcanzar a visibilidade e o impacto adecuados que permitan obter recompensas. A páxina web da Biblioteca Universitaria da USC (**BUSC**) é unha importante ferramenta ao alcance de todo o estudantado que permite acceder a recursos e servizos, así como a diferentes guías de axuda.

Ademais, o persoal das distintas bibliotecas da USC está á disposición dos usuarios para resolver as dúbidas que lle suxiran.

A BUSC dispón de 37 bases de datos (25 consorciadas e 12 propias) e máis de 13 títulos de revistas electrónicas. Ademais, a biblioteca permite a un alumno obter de forma gratuíta os documentos do seu interese aínda que non formen parte da colección da Biblioteca Universitaria.


Aínda que nos estudos de doutoramento o alumnado xa ten adquiridas habilidades de estudo eficaces, mellorar aspectos como a habilidade da busca de información en recursos especializados, a utilización experta de xestores bibliográficos, ou o uso dos recursos de acceso ao documento que ofrece a BUSC, permitiralle un desempeño máis eficiente do tempo de traballo.

Un dos obxectivos do curso é facer un uso responsable, ético e legal da información que se emprega, citando e redactando as referencias e evitando o plaxio. Faise especial fincapé neste aspecto porque, en moitas ocasións, a presión por publicar no mundo académico dá lugar a prácticas non éticas con graves consecuencias para a carreira do investigador/a, o prestixio da institución na que traballa e a credibilidade da investigación científica.

 [Ir ao sumario](#)

